

# A familia Fernández Álvarez-Santullano, Premio Familia Empresaria 2023

- O conselleiro delegado de Zenda recibiu hoxe o galardón
- A compañía conta con 5 centros de produción e 650 profesionais



Andrés Fernández recollendo o premio Familia Empresaria 2023.

PUNTO GA | M.Riopa

**14 de novembro de 2023.** A familia Fernández Álvarez-Santullano, propietaria do grupo biofarmacéutico Zenda, é a premiada hoxe co XVII Premio Familia Empresaria que concede anualmente a Asociación Galega da Empresa Familiar (Agef) co apoio do Banco Sabadell Gallego e AON. O recoñecemento foi entregado este mediodía no Pazo de Cea polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, e mailo presidente da Agef, José Bernardo Silveira.

A Asociación Galega da Empresa Familiar reconece o compromiso do grupo Zenda no ámbito da saúde e a súa capacidade de situar a Galicia como un referente farmacéutico a nivel mundial na investigación e produción de vacinas. A asociación resalta o labor de investigación, desenvolvemento, fabricación e comercialización de vacinas e outros avances biotecnolóxicos protagonizados pola compañía con sede en O Porriño dende a súa fundación.

Andrés Fernández, conselleiro delegado do grupo Zendal, é o encargado de recoller o premio. Fernández Álvarez-Santullano é a nova xeración dunha sobranceira saga de empresarios, os Fernández López. O acto de entrega conta coa presenza do presidente do Instituto de la Empresa Familiar, Andrés Sendagorta, e o director institucional Territorial Noroeste do Sabadell Gallego, Adolfo García.

De orixe no 1939 na compañía Zeltia, fundada polo seu avó Antonio Fernández López, naceu Zendal cando en 1993 constitúese a que foi a primeira empresa do grupo, naquel entón CZ Veterinaria. O presidente do grupo é Pedro Fernández Puentes, pai do actual conselleiro delegado de Zendal. Andrés Fernández impulsou o crecemento de Zendal nos últimos anos coa expansión no campo das vacinas humanas e a consolidación das vacinas animais, probióticos e outros produtos biofarmaceuticos. O grupo Zendal conta con 7 empresas dedicadas á saúde humana e animal. A compañía desprega 5 centros de produción en España e Portugal, emprega a 650 profesionais e mantén a sede e o corazón do I+D+i da compañía en Galicia.

“Aínda coa expansión, a capacidade industrial local é obxectivo en todos os nosos plans estratéxicos”, subliñou Andrés Fernández.

“Zendal é un exemplo de saga empresarial que quixo seguir aquí. A Administración precisa de vós, son vostedes a esencia de Galicia”, sinalou o presidente da Xunta de Galicia.

## Premio Familia Empresaria

O premio Familia Empresaria, outorgado pola Asociación Galega de Empresa Familiar, distingue con carácter anual desde 2005 a traxectoria empresarial e o mantemento das raíces en Galicia das empresas de propiedade familiar da comunidade.

“Galicia só poderá desenvolverse se mantén e amplía o seu tecido empresarial propio. A nosa asociación premia as empresas que viven aquí porque temos claro que as empresas non teñen arraigo, mais as familias si. Zendal, grazas á familia Fernández Álvarez-Santullano, é a mellor proba de que se pode medrar e internacionalizarse sen perder as raíces”, sinalou José Bernardo Silveira.

A Asociación Galega da Empresa Familiar está integrada polas 60 empresas familiares máis relevantes de Galicia. O peso das empresas galegas de propiedade familiar aporta o 92% do tecido empresarial, o 86% do emprego privado e o 85% do PIB privado de Galicia.